

EXERCICIOS RESOLTOS 1º ESO. SEMANA DO 16-20 DE MARZO

1ª SESIÓN

GRUPO 1º A

Lectura : *As persoas roxas poderían extinguirse debido á mudanza climática*

1. Nun dicionario en rede, busca o significado que presentan estas palabras no texto.

Roxas: persoas que teñen o cabelo de cor próxima ao vermello.

Extinguirse: desaparecer pouco a pouco até facelo por completo.

Sensíbeis: que teñen a capacidade de experimentar sensacións e emocións.

Medios: axentes que proporcionan información a través de diferentes canles. Comunidade: conxunto de persoas que viven nun lugar e partillan unha serie de características comúns.

Portadoras: que portan ou traen algo consigo ou en si.

2. Que argumento científico se esgrime no artigo para indicar que na Escocia hai moitas persoas roxas?

O alto número de persoas roxas en Escocia é atribuído ao clima. O feito de que as persoas que viven en Escocia desfruten de poucas horas e sol podería ter provocado, segundo este argumento, un déficit de vitamina D, polo que a pel se torna máis clara e o cabelo vermello.

4. Resposta libre.

7. Procura en internet cinco refráns ou frases feitas sobre a chuvia ou o vento:

A auga de abril enche o carro e o carril.

Á auga de correr e á xente de falar, non se lles pode privar.

A auga de maio non fai dano.

Algunha cousa ten a auga, cando a bendicen.

Anduriña a rentes da auga, chuvia na praia.

Auga á matina á tarde, tormentina.

Auga coredía todo o mal desvía.

Auga corrente non mata á xente.

Auga de febreiro, fai o palleiro..... Aínda que poderían valer outros

8. Busca información sobre o status oficial das lingua da Península Ibérica. Cales son oficiais ee cales non? Que documentos legais amparan a protección e o uso desas lingua?

Castelán. É lingua oficial do Estado español.

Galego. É a lingua propia de Galicia. O Estatuto de Autonomía recoñécea como lingua cooficial neste territorio, xunto co castelán.

Catalán. Fálano máis de 8 millóns de persoas e localízase en Cataluña, na franxa oriental de Aragón, en Andorra, nas Illas Baleares, na Comunidade Valenciana –onde se denomina valenciá-. É lingua cooficial, xunto co castelán, nestes territorios, segundo regulan os correspondentes Estatutos de Autonomía.

Éuscaro (ou vasco). É a única lingua non románica da península. Fálano case un millón de persoas en áreas do Estado español (en Euskadi e en Navarra) . O Goberno vasco e a Academia da Lingua Vasca encárganse de potenciar o seu uso normalizado. É lingua cooficial, xunto co castelán, nestes territorios, segundo regulan os correspondentes Estatutos de Autonomía.

Aranés. É unha variedade do Occitano falada por máis de 4 000 persoas no Val de Arán (Lleida). Esta lingua está recoñecida de xeito oficial polo Estatuto de Autonomía de Cataluña ó carón do castelán e do catalán.

Asturiano/ Mirandés. Procede do antigo astur-leonés. Fálano máis de 300 000 persoas en Asturias, en Castela e León e en Miranda do Douro (Portugal) onde recibe o nome

de *mirandés*. O mirandés é recoñecido como lingua oficial en Portugal, mentres que o asturiano non ten este recoñecemento en Asturias. Conta cunha Academia da Lingua Asturiana e ten algunha presenza na escola.

Aragonés. Procede do antigo navarro-aragonés e conserva preto de 30 000 falantes no norte de Aragón. Aínda que o estatuto de autonomía propugna a protección do aragonés, este non é considerado lingua oficial.

Portugués. É a lingua oficial do Estado portugués.

GRUPOS 1º B,C e D

1ª SESIÓN

“Cincenta” e “Leaving New York never easy”

1. Liga as seguintes palabras coa súa definición.

Borallenta: chea de cinza.

Lamacenta: chea ou cuberta de lama.

Reviradas: persoas con máis intencións.

Cabazo: froito de cor amarela ou alaranxada propio do outono.

Psicodélica: que estimula sensacións fóra do habitual. Extravagante.

Rañaceos: edificio en forma de torre cun gran número de andares.

Noveis: sen experiencia, principiantes.

2. Cal é o argumento de cada un dos poemas? Podes establecer algunha semellanza entre eles?

“Cincenta”: esta composición describe a personaxe de Cincenta e recrea parte do conto popular plasmado por escrito polos irmáns Grimm en Alemaña e por Charles Perrault en Francia.

“Leaving New York never easy”: neste poema aparecen varios personaxes extrapolados de diferentes contos infantís. Os personaxes non actúan como acostuman facelo nos seus contos, senón que viven en New York e adoptan un estilo de vida moderno e urbano. O grupo de personaxes réunese de vez en cando para recordar os tempos en que vivían nos contos.

3. Suxire un título alternativo para “Cincenta” e “Leaving New York never easy”. Xustifica a túa proposta. Resposta aberta. Intentade ser creativos.

4. Como están estruturados os dous poemas? Pode distinguirse neles a introdución, o nó e o desenlace?

“Cincenta” recolle a trama do conto tradicional, aínda que presentada de forma lixeiramente diferente. Así, neste caso hai un inicio (versos 1-10) en que se presenta a personaxe de Cincenta como unha moza bondadosa, escravizada polas súas irmás; un nó (versos 11-23) no cal intervéñ a fada madriña para dispor os medios necesarios para que a moza poida asistir ao baile en palacio; e, finalmente, no desenlace (versos 24-33) a fada comunícalle a Cincenta que pode asistir ao baile.

En “Leaving New York never easy” poden determinarse tamén tres partes; na primeira (versos 1-6) aparece a leiteira que decide vender todas as súas posesións e marchar a New York farta de que o seu conto acabe sempre mal; a segunda parte (versos 7-23) recolle a incorporación da leiteira ao grupo de personaxes de contos que xa viven en New York dedicándose a

ocupación totalmente alleas ao mundo dos contos; por último, na terceira parte (versos 24-29) explícase que todos os personaxes se reúnen periodicamente para lembrar vellos tempos e burlarse das persoas que creron que o final dos contos podía consistir en ser felices e comer perdices.

5. Localiza, en calquera das dúas composicións, fragmentos que se correspondan con estas etiquetas.

Tarefas domésticas: a que frega, varre e lava

Unha saída nocturna fóra do común: Esta noite será máxica, / psicodélica e fantástica,

Un cambio de imaxe: e alugoulle o primeiro a Rapunzel /que agora leva o cabelo ao garçon

A posta en marcha dunha empresa: un día coincidiu con Cinsenta /e Brancaneves que fartas de agardar / montaron unha editorial /para escritores noveis.

9. Explica como é un día normal na vida da Cincenta de ambos poemas.

A Cincenta do poema de Ana María Fernández ten que traballar na casa, limpando, varrendo e cociñando para as súas irmás e non ten un momento de descanso, mentres que a Cincenta do poema de Dores Tembrás é copropietaria dunha editorial especializada en publicar autores noveis e traballa xunto con Brancaneves.

2º SESIÓN

TODOS OS GRUPOS (A,B,C,D)

NOTICIA

1. Procura no texto anterior:

- **Quen** protagoniza a noticia? Asociación Cultural e de Tempo Libre Tarandeira.
- **Onde** ocorren os feitos e **cando** teñen lugar? En terras de Allariz no domingo 22 de febreiro de 2015.
- **Que** acontece e **por que**? Vai ter lugar unha camiñada por terras alaricanas para desfrutar do medio natural, achegarse á cultura da zona, practicar deportes e vivir novas aventuras.
- **Como** se desenvolven os acontecementos?A viaxe comeza ás 8:00 e o regreso está previsto para as 21:00 h.

2. Redixe unha noticia para cada unha destas seccións do xornal. Resposta aberta

3. Crea dous titulares posíbeis para as seguinte noticia.

Resposta aberta. Exemplo: *O Breogán, camiño da recuperación.*

3ª SESIÓN

TODOS OS GRUPOS (A,B,C,D)

MEDIOS DE TRANSPORTE

2. Fai corresponder as palabras populares da esquerda coas denominacións cultas da dereita.

Bicicleta – velocípedo
coche – automóbil
moto – motocicleta
nave espacial – astronave.

3. Escolle o significado correcto.

Á delta: mecanismo para planear ou realizar voos sen motor.

late: embarcación deportiva ou de recreo, de velas ou de motor, xeralmente de tamaño medio.

Ultralixeiro: pequeno avión moi leve, normalmente dunha soa praza, de baixa potencia e velocidade.

Zorra: caixón escorregadizo que se emprega para transportar persoas e cousas.

4. Enlaza cada vocábulo co seu sinónimo.

Cepelín – dirixíbel
escavadora – pa mecánica
tren – convoi
motocicleta – ciclomotor.

4. Localiza na sopa de letras os medios de transporte que se corresponden cos deseños.

R E T E U G O F W C K B
F I Q R R F F X Z E P P
Y G T T R I C I C L O O
D E E X A U R R A C R R
G I P J W A V B O R C I
Ó E I T T G H K A L Y E
N A R N F A A C D Z T L
D I A T E N O I M A C O
O M G X P H K Y N N K R
L E U Q U B C Q Y Y L T
A H A J O R U L I K N E
C A N O A E A P E E J P

6. Repara na definición destes termos e redixe un enunciado con cada un deles.

Resposta aberta.

Algúns exemplos:

Para chegarmos ao cume da montaña tivemos que viaxar nun funicular que tiña cinco vagóns.

Foi incapaz de subir ao teleférico porque tiña moita vertixe.

Algunhas estacións de metro son tan profundas que por veces resultan asfixiantes.

O taxi non respectou o sinal e case bate con ese tranvía.

4º SESIÓN

TODOS OS GRUPOS (A,B,C,D)

COMO IMOS?

1.Describe pormenorizadamente un destes medios de transporte:

Helicóptero

globo

submarino

Resposta libre

2.Responde a enquisa. Resposta libre.

3.A partir destes deseños explica a rutina dunha viaxe en avión.

Resposta libre, pero mándavos un exemplo:

Antes de despegar, límpase a pista e realízanse certas comprobacións de rutina. A seguir, os pasaxeiros e as pasaxeiras soben ao avión. Unha vez no ar, un ou unha asistente de voo explica á pasaxe as medidas de seguranza. Posteriormente, sérvense comidas e bebidas e, transcorrido algún tempo desde o inicio do voo, algunhas persoas adormecen e outras entretéñense a ver filmes. Tras a aterraxe, cada pasaxeiro e pasaxeira recolle a súa bagaxe e diríxese á saída do aeroporto.

4.Na tabela podes encontrar diferentes opinións sobre o uso do coche e do autobús urbano. Que argumentario che parece máis sólido e por que?

Resposta libre